

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0732	Exploración da cavidade oral	2023/2024	4	134	134

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	PABLO QUINTELA ALONSO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a función de exploración da cavidade bucodental. A definición desta función abrangue aspectos como:

- Verificación do funcionamento do equipamento dental e a preparación do instrumental e do material da unidade
- Realización da anamnese e exploración bucodental.
- Realización de radiografías dentais, aplicando medidas de radioprotección e calidade en radiodiagnóstico dental.
- Detección de actitudes e estados emocionais nas persoas usuarias. Aplicación de normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental na exploración da cavidade bucodental.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Atención primaria.
- Unidades de hixiene bucodental de atención especializada.
- Gabinetes de hixiene bucodental.
- Clínicas dentais.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais e), f), g), h), m), o), p), s) e u) do ciclo formativo e as competencias f), g), j), l), m), p), r), s) e t)

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O control da infección	Normas de bioseguridade para controlar e previr o contaxio de material enfermidades infecto-contaxiosas. Preparación de instrumental e material segundo os microorganismos potencialmente patóxenos. Medidas preventivas na clínica odontolóxica (limpeza, desinfección e esterilización)	26	15
2	O equipo dental	Características do equipo dental presente en calqueira sala de odontoestomatoloxía . Descrición das partes básicas, o equipamento e o instrumental dun equipo dental. Protocolos esenciais para o mantemento de primeiro nivel	20	15
3	A anamnese e a exploración bucodental	Características do equipo dental presente en calqueira sala de odontoestomatoloxía . Descrición das partes básicas, dun equipo dental. Protocolos esenciais para o mantemento de primeiro nivel	28	20
4	A atención ao paciente	Comunicación verbal e non verbal co doente odontolóxico Características da información prestada o doente e os seus familiares	18	15
5	A radioloxía bucodental	Técnicas de diagnóstico por imaxe utilizadas en odontoloxía. Característica dos equipos de obtención de imaxes. Criterios de calidade na obtención de imaxes radiográficas	16	15
6	As medidas de radioprotección	Efectos das radiación ionizantes. Normas e medidas de radioprotección. Programas de garantía de calidade, aspectos legais e administrativos.	14	10
7	As normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental	Factores de risco da práctica profesional en clinicas e servicios odontolóxicos. Características dos principais equipos de protección colectiva e individual. Xestión de residuos do ámbito odontolóxico.	12	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O control da infección	26

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara o instrumental e o material do gabinete bucodental, e selecciona técnicas de desinfección e esterilización	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Enumeráronse as vías de entrada de microorganismos no organismo
CA2.2 Clasificáronse as medidas preventivas para evitar a infección
CA2.3 Definiuse a limpeza, a desinfección e a esterilización
CA2.4 Preparáronse os materiais de barreira utilizados nun gabinete dental
CA2.5 Realizouse a limpeza e a desinfección de superficies e instrumental
CA2.6 Utilizáronse os desinfectantes de acordo cos protocolos establecidos
CA2.7 Empregouse correctamente o sistema de limpeza por ultrasóns
CA2.8 Efectuáronse operacións de embolsamento
CA2.9 Esterilizouse o instrumental usado no gabinete segundo protocolos
CA2.10 Realizouse a limpeza, a desinfección e a esterilización do material rotatorio
CA2.11 Realizáronse os controis de esterilización
CA2.12 Valoráronse os resultados dos test de control da esterilización
CA2.13 Cumpríronse os protocolos de calidade en cada fase do proceso
CA2.14 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Microorganismos potencialmente patóxenos.
Prevención de infeccións.
Limpeza, desinfección e esterilización do instrumental.
Limpeza, desinfección, empaquetaxe, esterilización e control de calidade.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	O equipo dental	20

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Verifica o funcionamento do equipamento dental, describindo as características dos seus compoñentes	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as partes do equipamento dental e os seus compoñentes
CA1.2 Determináronse as funcións do equipamento
CA1.3 Detalláronse e comprobáronse os movementos da cadeira
CA1.4 Montáronse e desmontáronse os elementos adaptables á cadeira
CA1.5 Adaptouse o instrumental rotatorio ao equipamento e comprobouse o seu funcionamento
CA1.6 Realizouse a limpeza e a desinfección do equipamento dental
CA1.7 Efectuouse o mantemento do sistema de aspiración do equipamento dental
CA1.8 Utilizáronse os desinfectantes de acordo cos seus protocolos de utilización
CA1.9 Cumpríuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental
CA1.10 Cumpríronse os criterios de calidade en cada fase do proceso

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Partes do equipamento: cadeira odontolóxica, unidade odontolóxica, columna, sistemas de aspiración e evacuación, lámpada operatoria, pedal, compresores e tallo.
Funcións da cadeira.
Movementos da cadeira.
Elementos adaptables.
Funcionamento do instrumental rotatorio.
Coidados xerais do equipamento.
Limpeza e desinfección do equipamento.
Criterios de calidade en cada fase do proceso.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A anamnese e a exploración bucodental	28

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza a anamnese e a exploración da cavidade bucodental, e identifica as súas características	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Defínense a posición ergonómica do/da hixienista e do/da auxiliar, así como a colocación do/da paciente
CA3.2 Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica
CA3.3 Diferenciáronse os datos significativos da anamnese bucodental
CA3.4 Descríbense as técnicas de exploración e identificouse o material necesario
CA3.5 Aplicáronse técnicas de exploración facial, bucal, dental, oclusal e periodontal
CA3.6 Utilizáronse diferentes nomenclaturas dentarias
CA3.7 Efectuáronse diferentes odontogramas na exploración do/da paciente
CA3.8 Seguironse os protocolos de actuación antes, durante e despois da exploración do/da paciente
CA3.9 Recoñécéronse os signos da exploración normal
CA3.10 Efectuouse o intercambio do material necesario
CA3.11 Obtivéronse imaxes para a historia clínica mediante fotografía dixital
CA3.12 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental
CA3.13 Mantívose unha actitude coidadosa nas fases do proceso

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Posición de traballo e control postural. Ergonomía.
Anamnese bucodental.
Exploración orofacial. Preparación do área de traballo. Técnicas de exploración. Manobras básicas na técnica a catro mans. Signos de exploración normal. Criterios patolóxicos de exploración bucodental. Documentos para o rexistro.
Fotografía dixital.
Criterios actitudinais no proceso.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A atención ao paciente	18

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Identifica actitudes e estados emocionais en pacientes, aplicando principios básicos de psicoloxía xeral	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA7.1 Descríbense actitudes e estados emocionais ligados á atención bucodental
CA7.2 Descríbense técnicas comunicativas no proceso de información
CA7.3 Selecciónouse a técnica comunicativa en función das actitudes e dos estados emocionais detectados
CA7.4 Descríbiuse o perfil psicolóxico dos/das cativos/as e preadolescentes
CA7.5 Descríbense as características psicolóxicas das persoas adultas
CA7.6 Descríbiuse o perfil psicolóxico das persoas de idade avanzada
CA7.7 Selecciónáronse as actuacións de apoio psicolóxico e de atención á persoa con discapacidade
CA7.8 Valorouse o interese e a preocupación por atender ás necesidades das persoas usuarias
CA7.9 Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Necesidades específicas de atención. Atención na infancia e na adolescencia. Atención á persoa adulta e á persoa anciá, e as súas necesidades.
Técnicas de comunicación e apoio psicolóxico.
Información á persoa usuaria: selección da información.
Comunicación: condutas empáticas e asertivas.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	A radioloxía bucodental	16

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas para a obtención de imaxes de radiodiagnóstico dental, e selecciona parámetros radiolóxicos	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse os raios X, a súa interacción coa materia e a formación da imaxe radiolóxica
CA4.2 Enumeráronse as características físicas dos equipamentos e feixes de raios X
CA4.3 Tipificáronse as magnitudes, as medidas e os equipamentos de medida da radiación
CA4.4 Colocouse o/a paciente segundo a técnica que se vaia utilizar
CA4.5 Preparáronse os materiais e os equipamentos necesarios
CA4.6 Seleccionouse a técnica para a obtención da imaxe
CA4.7 Realizáronse técnicas de revelado de película radiográfica
CA4.8 Realizouse o tratamento dixital da imaxe
CA4.9 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Fundamentos de radioloxía.
Aplicacións das radiacións ionizantes.
Características dos equipamentos e feixes de raios X.
Técnicas radiolóxicas dentais.
Tratamento dixital.
Técnicas de revelado.



**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	As medidas de radioprotección	14

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Aplica medidas de radioprotección e calidade do radiodiagnóstico dental, con interpretación da normativa específica	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícaronse os efectos biolóxicos das radiacións ionizantes
CA5.2 Enumerouse a normativa, a lexislación e os requisitos técnico-administrativos en instalacións de radiodiagnóstico dental
CA5.3 Definiuse a protección radiolóxica básica
CA5.4 Aplicouse a protección radiolóxica básica
CA5.5 Clasifícaronse as medidas de protección radiolóxica específica de radiodiagnóstico dental
CA5.6 Tivéronse en conta as medidas de protección nas simulacións relacionadas co radiodiagnóstico
CA5.7 Cubriuse a documentación segundo a normativa
CA5.8 Establecéronse os criterios de calidade en radiodiagnóstico
CA5.9 Interpretáronse os resultados do programa de garantía de calidade
CA5.10 Cumpriuse a normativa de protección de riscos e protección ambiental

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Efectos biolóxicos das radiacións ionizantes.
Magnitudes e medida da radiación.
Radioprotección. Normativa e lexislación básica en instalacións de radiodiagnóstico. Protección radiolóxica básica. Protección radiolóxica específica en instalacións de radiodiagnóstico dental. Programa de garantía de calidade. Requisitos técnicos administrativos. Necesidades específicas de atención. Información á persoa usuaria. Comunicación.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	As normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental	12

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e equipamentos para os previr	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, produtos, equipamentos e instrumental dunha clínica ou un servizo de saúde bucodental
CA6.2 Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que se deben adoptar na execución das actividades e en cada área do traballo na clínica dental
CA6.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, produtos, equipamentos e instrumental dunha clínica ou un servizo de saúde bucodental
CA6.4 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos
CA6.5 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva
CA6.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas
CA6.7 Cubriuse a documentación segundo a normativa

**4.7.e) Contidos**

Contidos
<p>Riscos persoais e ambientais en clínicas dentais.</p> <p>Identificación dos riscos.</p> <p>Factores e situacións de risco. Factores físicos do contorno de traballo. Protección radiolóxica. Factores químicos do contorno de traballo. Factores biolóxicos. Protección biolóxica. Vacinacións. Factores psicosociais.</p> <p>Seguridade en clínicas dentais. Determinación de medidas de prevención de riscos laborais. Medidas de prevención e protección ante riscos. Medios e equipamentos de protección individual. Prevención e protección colectiva. Sinalización. Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas e aos equipamentos. Situacións de emerxencia propias dunha clínica dental.</p> <p>Normativa de prevención de riscos laborais en clínicas dentais. Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.</p> <p>Xestión ambiental.</p> <p>Xestión de residuos. Clasificación e almacenamento. Tratamento e recollida de residuos. Normativa reguladora da xestión de residuos. Cumprimento da normativa de protección ambiental. Métodos e normas de orde e limpeza.</p> <p>Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.</p>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS EXIXIBLES

Os mínimos exigibles para acadar unha cualificación positiva e superar o módulo serán todos os criterios de avaliación do currículo indicados para cada unidade didáctica no apartado de avaliación desta programación (4.c). Deste xeito, búscase garantir que o alumnado acade os resultados de aprendizaxe e, polo tanto, as competencias profesionais, persoais e sociais correspondentes. A avaliación será realizada por unidades didácticas e nela se valorará se o alumnado supera os instrumentos de avaliación establecidos para os criterios de avaliación de cada unidade. Para superar unha unidade será necesario obter un mínimo dun 5 sobre 10 puntos (escada de 1 a 10 puntos) en cada instrumento asociado.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para poder superar o módulo, o alumnado deberá demostrar a adquisición dos contidos reflectidos nos criterios de avaliación considerados mínimos exigibles para esta programación. Como a avaliación é continua, é necesaria a asistencia regular do alumnado ás clases e demais actividades programadas para o módulo.

Para a cualificación do alumnado teranse en consideración criterios conceptuais e procedimentais, e na nota dx alumnx ponderarán os compoñentes que se relata a continuación:

A) Valoración dos contidos teóricos/conceptuais: Basearase en probas escritas que ponderarán o 60% da cualificación global, e nas que se verán reflectidos os correspondentes criterios de avaliación especificados para cada unidade didáctica.

Estas probas escritas poderán constar de:

- Preguntas de desenvolvemento ou preguntas de resposta curta. Nas preguntas poden incluírse imaxes, gráficos, tablas, etc.
- Preguntas test. As preguntas terán 4 opcións de respostas nas que só será correcta unha delas. As respostas incorrectas penalizarán/descontarán, tal e como se indicará nas instrucións de realización de cada exame (habitualmente, tres incorrectas descontarán unha correcta).
- Preguntas de sinalar verdadeiro ou falso.
- Traballos, proxectos e actividades dos alumnos, individualmente ou por grupos (neste último caso, a cualificación poderá facerse individualmente, atendendo a distintos criterios como a contribución de cada alumno ó traballo/actividade, exposicións de contidos, etc.). Os traballos ou actividades poderán versar, entre outros, de: comprensión e/ou resumos de artigos, temas de libros, esquemas, traballos de sínteses de contidos, resolución de casos prácticos ou problemas, etc.

No caso de que non haxa outros instrumentos de avaliación, a proba ou probas escritas suporán o 100% da cualificación da unidade didáctica.

B) Valoración de contidos prácticos/procedimentais: Ponderarán o 40% da nota global, e correspóndense coa suma dos CA's asociados cos instrumentos de avaliación "táboa de observación" (TO) e "lista de cotexo" (LC), que serán aplicados sobre todos ou algúns dos seguintes elementos:

- a) Proba práctica, que poderá consistir: (i) no desenvolvemento das tarefas asociadas coa actividade profesional dun gabinete bucodental que se describen nas distintas unidades didácticas desta programación [entre outras, preparación do instrumental, uso do material e equipos do gabinete bucodental, selección e aplicación de técnicas e protocolos (limpeza, desinfección, esterilización, etc.), etc.]; e (ii) na resolución de supostos prácticos propostos polo profesor no taller de hixiene bucodental.
- b) Realización de traballos, proxectos e actividades propostas, individualmente ou por grupos (neste último caso, a cualificación poderá facerse

individualmente, atendendo a distintos criterios como a contribución de cada alumno ó traballo/actividade, exposicións de contidos, etc.).

Calificaranse os contidos procedimentais, tendo en conta sempre o respecto ás persoas, equipos e/ou material de clase.

No caso de que non haxa outros instrumentos de avaliación, a proba ou probas prácticas suporán o 100% da cualificación da unidade didáctica.

#### AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO E INFORMACIÓN RELEVANTE ACLARATORIA:

- Para poder superar o módulo en modalidade ordinaria será imprescindible ter entregado antes da data establecida para a avaliación, todas as tarefas puntuables realizadas durante o trimestre. A data de entrega será comunicada ó alumnado con anterioridade polo profesor. A entrega de tarefas poderá ser realizada en tempo e forma a través da aula virtual do módulo, de acordo coas instrucións facilitadas na descrición de cada tarefa. Tamén poderán realizarse tarefas e actividades na aula, individualmente ou por grupos (neste último caso, a cualificación poderá facerse individualmente, atendendo a distintos criterios como a contribución de cada alumno ó traballo/actividade, exposicións de contidos, etc.); neste caso, a entrega destas tarefas será efectuada en prazo e forma de acordo coas instrucións facilitadas na aula polo profesor (entrega en man ou entrega a través da aula virtual).
- Ó final de curso todas as tarefas avaliadas quedarán en poder do profesor.
- As cualificacións obtidas en cada un dos instrumentos de avaliación empregados farán media cando a nota sexa como mínimo dun 5 (escala de cualificación de 1 a 10 puntos).
- O alumnado que teña unha ou máis partes suspensas, é dicir, que fose cualificado cunha nota do 1 ó 4 (escala de cualificación de 1 a 10 puntos), deberá realizar as correspondentes actividades e/ou exames de recuperación. Se a nota global resultante é de 5 ou superior pero o alumnado ten suspensa algunha das probas escritas ou prácticas, e/ou non realizou a entrega en tempo e forma de todas as tarefas puntuables (de entrega obligatoria), a nota trimestral será como máximo de 4 (suspenso).
- A recuperación da parte ou partes non superadas polo alumnado, levaranse a cabo nunha data posterior a entrega dos boletíns de notas de cada avaliación trimestral, quedando a criterio do profesor a posibilidade de adiantar estas datas atendendo a criterios académicos.
- No caso de suspender a recuperación, o alumnado terá a oportunidade de realizar un exame final en xuño, no que deberá de examinarse da parte ou partes pendentes (suspensas).
- A nota final do módulo será a resultante da media ponderada das notas obtidas nas distintas avaliacións trimestrais, sempre e cando estean superadas (aprobadas).
- Para obter a media das cualificacións, empregaranse as notas ponderadas con decimais obtidas nas avaliacións trimestrais.
- A nota final será expresada sen decimais, aproximando ó número enteiro máis próximo.
- A única causa pola cual o alumnado poderá facer os exames das unidades didácticas de cada avaliación despois da data oficial é unha causa inexcusable (por exemplo, enfermidade, accidente, problema familiar grave, citación xudicial), presentando a correspondente xustificación documental.
- Todas as modificacións que tiveran que levarse a cabo sobre a programación elaborada inicialmente, quedarán rexistradas na plataforma no apartado de seguimento da programación e no documento de memoria do módulo que será elaborada ao finalizar o curso.
- No caso de copia ou tentativa de copia durante a realización dunha proba, implicará un suspenso de esa proba de todo o alumnado implicado. Se durante o desenvolvemento das probas o alumnado incorrese no uso, non autorizado previamente polo profesor, de dispositivos dixitais (teléfono, auriculares, etc), ou en calquera outra circunstancia que altere o normal desenvolvemento da proba ou actividade, e/ou que comprometa a seguridade e integridade das persoas, do material e/ou do equipamento, será expulsados da aula e a proba será calificada como non superada (suspenso).

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

## 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A recuperación enténdese non só como exames ou probas de recuperación, senón como actividades de recuperación; é unha parte máis do proceso de ensinanza-aprendizaxe e iníciase en canto se detecta a deficiencia no alumnado, no seguimento da súa evolución, realizando con él/ela actividades complementarias de reforzo e apoiando e incidindo naqueles puntos nos que ten dificultades. Si, aínda así, x alumnx non supera a avaliación, programaranse actividades de recuperación que terán por obxecto orientar e redirixir a súa aprendizaxe, permitíndolle solventar as súas carencias de aprendizaxe e acadar os mínimos exixibles.

As actividades de recuperación serán semellantes ás actividades propostas nas distintas unidades, e sempre programadas cun nivel crecente de dificultade.

En canto as probas de recuperación, contéplanse dúas posibilidades:

- Recuperación de cada avaliación trimestral non superada ao remate da mesma.
- Recuperación das avaliacións trimestrais non superadas en xuño ou recuperación do módulo (para o alumnado que teña suspensas algunha das tres avaliacións ou o módulo completo). Este alumnado fará unha proba das mesmas características que as explicadas para o alumnado con PD.

O alumnado que non supere a cualificación positiva (maior ou igual a 5 sobre 10 puntos) nunha unidade didáctica, deberá realizar o exame de recuperación de dita unidade didáctica. A proba de recuperación abranguerá os contidos teóricos e prácticos asociados ca unidade didáctica a recuperar. Para facer efectiva a recuperación dunha avaliación trimestral suspensa, ademais de superar (aprobar) o exame de recuperación da unidade ou unidades suspensas (para superar unha unidade didáctica pendente será necesaria a consecución dun mínimo de 5 sobre 10 puntos) o alumnado deberá entregar os traballos que tivese pendentes de entrega na correspondente avaliación trimestral seguindo as instrucións facilitadas polo profesor para a realización de cada un deles.

As actividades de recuperación deseñaranse de xeito que poidan ser realizables de forma autónoma polo alumnado e concretaranse para cada alumnx tomando como referencia os obxectivos xerais do módulo, así como os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación non superados. Cada unidade didáctica vai acompañada de actividades de reforzo con cuestións, exercicios e/ou casos prácticos que abordan os contidos da mesma. Adicionalmente, o profesor estará dispoñible no horario que se habilitará durante o periodo de recuperación, para que o alumnado que o necesite, poida preguntar as dúbidas que se lle formulen ao repasar tanto os contidos teóricos coma prácticos.

Estas actividades consistirán no repaso e reforzo de contidos, repetición de actividades e problemas, así como resolución das posibles dúbidas que poidan xurdir entre o alumnado.

Para a avaliación se empregarán os mesmos instrumentos de avaliación utilizados ao longo do curso, é dicir, as probas descritas no apartado 5 desta programación.

## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación é continua, polo tanto é necesaria a asistencia regular do alumnado. O alumnado que teña faltas de asistencia sen xustificar que superen o 6% das horas totais do módulo (8 horas), recibirá un apercibimento, e cando as faltas de asistencia superen o 10% das horas totais do módulo (14 horas), será comunicado da perda do dereito de avaliación continua (PD).

Tanto o apercibimento como a PD serán comunicadas ó alumnado polo titor, para que teña constancia das mesmas, empregando as canles de comunicación oficiais (plataforma de ABALAR, entrega en man ó alumnx, comunicación postal, burofax, etc.).

O alumnado en situación de PD perderá o dereito a ser avaliado parcialmente durante o periodo lectivo ordinario e deberá realizar unha proba final extraordinaria de avaliación no mes de xuño. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades ó alumnado con PD, se

puidesen implicar algún tipo de risco para si mesmos, para o resto do grupo, o profesorado, o persoal de administración e servizos, os equipos e/ou as instalacións.

A proba extraordinaria de avaliación consistirá en dúas partes, que poderán ser convocadas en días diferentes:

- Unha proba escrita teórico-práctica sobre os contidos da totalidade de unidades didácticas do módulo. Ponderará o 60% da calificación total.
- Unha proba práctica que versará sobre os aspectos prácticos contidos na totalidade de unidades didácticas do módulo e que ponderará o 40% da calificación total. Dita proba poderá consistir: (i) no desenvolvemento das tarefas asociadas coa actividade profesional dun gabinete bucodental que se describen nas distintas unidades didácticas desta programación [entre outras, preparación do instrumental, uso do material e equipos do gabinete bucodental, selección e aplicación de técnicas e protocolos (limpeza, desinfección, esterilización, etc.), etc.]; e/ou (ii) na resolución de supostos prácticos propostos polo profesor no taller de hixiene bucodental.

Será necesario acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha das probas para acadar unha avaliación positiva. Cando se cumpla esta condición, calcularase a nota final da avaliación extraordinaria como a media aritmética da cualificación das dúas probas, e exprésase sen decimais aproximando ao número enteiro máis próximo.

Temporalización da avaliación extraordinaria, no caso de que as probas se efectúen en días diferentes:

- Día 1: Proba escrita teórico-práctica. Unha proba escrita que reunirá a maior parte dos contidos e das tarefas asociadas a cada Unidade Didáctica e ás súas actividades. A proba consistirá en preguntas tipo test cunha soa resposta correcta, e/ou preguntas curtas. Na cualificación da proba, as respostas ás preguntas tipo test mal contestadas valoraranse negativamente.
- Día 2: Se se supera a anterior proba, para o que é necesario acadar unha calificación mínima de 5 sobre 10 puntos, realizarase unha proba práctica dos procedementos técnicos anteriormente sinalados.

Se durante o desenvolvemento das probas se detectase copia ou intento de copia, ou o alumnado incorrese no uso non autorizado previamente polo profesor de dispositivos dixitais (teléfono, auriculares, etc), ou en calquera outra circunstancia que altere o normal desenvolvemento da proba ou actividade, e/ou que comprometa a seguridade e integridade das persoas, do material e/ou do equipamento, o alumnado implicado será expulsado da aula e a proba será calificada como non superada (suspensa).

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O seguimento do cumprimento da programación reflexarase no caderno de aula do profesor, realizarase mensualmente na aplicación informática da Consellería de Educación ([www.edu.xunta.es/programacions/](http://www.edu.xunta.es/programacions/)) e darase conta del nas reunións mensuais do equipo docente. O seguimento servirá para revisar, avaliar e, se é necesario, modificar a programación en función dos resultados académicos. Tamén reflectirá os avances e as posibles incidencias que se puideran producir na impartición do módulo, facendo fincapé nos obxectivos xerais e específicos perseguidos e nos procesos de ensino-aprendizaxe.

Ao final de curso realizarase a Memoria final do módulo segundo o modelo de calidade MD.75.PRO.04, na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración da programación do vindeiro curso. Estas memorias entregaranse á titoría da ensinanza para ser incluídas na Memoria final do ciclo (modelo MD.75.PRO.05) que á súa vez, xunto coas anteriores, é entregada á xefa de departamento que elabora a Memoria de departamento.

En canto a avaliación da propia práctica docente, terase en conta a opinión do alumnado ao longo de todo o curso, sempre que se traten de

críticas construtivas. Ademais, nas reunións mensuais de equipo docente contrastaranse opinións co resto de profesores/as co fin de intentar mellorar a calidade da nosa ensinanza. Por outro lado, ao remate da primeira avaliación e ao finalizar o módulo, o Departamento de Calidade facilitará unhas enquisas anónimas para que o alumnado avalíe aspectos relacionados coa docencia de cada profesor/a (puntualidade, claridade nas explicacións, metodoloxía empregada na aula, etc.). O profesorado terá acceso aos resultados da enquisa posteriormente.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A diferente procedencia e formación dos/das alumnos/as, a diferente experiencia profesional, distintos coñecementos previos, diferenza de idade, distintas afeccións, así como a posible presenza de discapacidades ou dificultades de aprendizaxe obriga a realizar un cuestionario de avaliación inicial do alumnado por parte do titor a comezos do curso académico co fin de facilitar a axuda que precisen e determinar as características dos/das alumnos/as que poden ser relevantes para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Por exemplo, o alumnado que non realizou o bacharelato ou o bacharelato científico pode ter dificultades nos contidos básicos relacionados coas matemáticas, física, química e a bioloxía ou poden detectarse alumnos/as con necesidades educativas especiais (este último caso abórdase no seguinte apartado da programación).

Realizarase unha avaliación inicial, sen cualificación para o alumnado, para coñecer o dominio de ferramentas e conceptos básicos en saúde, hixiene e técnicas de comunicación para así saber con que nivel comezar a traballar a módulo profesional. Esta avaliación inicial farase realizando preguntas sobre unidades, ferramentas imprescindibles para realizar os casos prácticos; e que permiten acadar os obxectivos mínimos do módulo, ademais do uso das ferramentas informáticas para poder suplir as carencias que se detecten nestes aspectos. Coa avaliación inicial trátase de establecer os coñecementos previos do alumnado, así como as súas aptitudes, capacidades e, incluso, motivación. Outro aspecto importante relativo a avaliación inicial é que permite descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade.

A enquisa de avaliación inicial do alumnado realizada polo titor co apoio do Departamento de Orientación, no marco do sistema de control da calidade do centro, constitúe unha ferramenta fundamental que contribúe a descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade. Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o/a titor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á Xefatura de Estudos.

O comenzo de cada unidade didáctica, faranse preguntas para avaliar os coñecementos previos do alumnado e/ou qué preconceptos ten. Así mesmo, as reunións mensuais de equipo docente permiten facer o seguimento do grupo no seu conxunto e de cada alumno/a, en particular, coa fin de deseñar estratexias para mellorar o ensino e aprendizaxe do alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De acordo co artigo 61 do decreto 114/2010 do 1 de xullo e o artigo 15 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado con necesidades educativas especiais, con arranxo a o establecido no artigo 73 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustificuen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de modo fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta da establecida con carácter xeral, estáo poderá ser levado a cabo en función dos datos obtido na avaliación inicial e informes asociados e sempre coa colaboración do Departamento de Orientación Educativa e Inspección Educativa.

As adaptacións curriculares son estratexias de planificación e actuación docente encamiñadas a facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe nalgúns alumnos con necesidades educativas específicas.

Estas estratexias pretenden, a partir de modificacións máis ou menos extensas realizadas sobre o currículo ordinario, ser unha resposta á diversidade individual independentemente da orixe desas diferenzas: historial personal, historial educativo, motivacións e intereses, ritmo e estilo de aprendizaxe. Todo isto tradúcese nunha programación que poderá conter obxectivos, contidos e avaliacións diferentes para uns alumnos, e mesmo organizacións escolares específicas, orientacións metodolóxicas e materias adaptados.

Algunhas das liñas que vertebran este proceso de atención a diversidade e reforzo educativo, son:

- a. Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades didácticas.
- b. Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.
- c. Crear un ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, un grupo de traballo colaborativo que integre a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.
- d. Propoñer diversas actividades diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido.

A atención a diversidade e a vía que permite individualizar, dentro do posible, o proceso de ensinanza e aprendizaxe, para eso aplicaranse as seguintes medidas:

- Adaptaránse a forma de enfocar ou presentar os contidos e actividades en función dos distintos graos de coñecementos previos detectados no alumnado e dos seus diferentes graos de autonomía.
  - Farase a previsión dun número suficiente de actividades para cada unha das aprendizaxes consideradas mínimos exixibles, con distinto nivel de complexidade.
  - Prepararanse tamén actividades referidas a contidos non fundamentais, complementarios ou de ampliación, para o alumnado que poida avanzar máis rapidamente ou que, en calquera dos casos, poden aprofundar en contidos a través dun traballo máis autónomo.
  - Ante a posibilidade da presenza de alumnado con algún tipo de necesidade específica de apoio educativo, como por exemplo unha discapacidade física, acordarase entre o profesorado do ciclo e o Departamento de Orientación do centro o protocolo de actuación en función de cada alumno e de cada minusvalía.
- No caso de alumnado con déficit de atención, alternaranse con máis frecuencia o ensino dos contidos teóricos e a realización de prácticas; coa fin de dinamizar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Incrementaranse o número de actividades na aula virtual e proporase a realización de probas máis curtas, tanto escritas como prácticas.
- Asemade, realizaranse ensaios curtos antes das explicacións teóricas, relacionadas cos contidos a estudar, coa fin de despertar o interés do alumnado.
- Procurarase unha maior participación de este alumnado mediante a proposta de traballos nos que sexa necesaria a busca de información sobre determinados contidos, mediante o uso de ferramentas TIC.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Educación en valores supón ampliar o alcance da educación no eido moral e cívico para formar cidadáns responsables, con valores e sentido crítico, e non limitarse á ensinanza-aprendizaxe de conceptos, procedementos e técnicas relacionadas co módulo. Dende un punto de vista socioeducativo, os valores orientan o comportamento humano cara a transformación social e a realización da persoa. Son guías que orientan a conduta e a vida de cada individuo e grupo social.

Polo tanto, entre os principais obxectivos da práctica educativa tamén estarán:

- Educación para a igualdade: promover na aula a igualdade entre mulleres e homes, organizar os grupos de traballo en equipo mesturando ambos xéneros equitativamente, integrar ao alumnado con discapacidade e a integración do alumnado estranxeiro, a través de actividades interactivas e colaborativas, non só transmisivas, etc.
- Educación para o respecto á diversidade sociocultural, relixiosa e sexual: fomentar na aula a tolerancia e a igualdade de oportunidades con independencia da clase social, cultura, relixión ou orientación sexual.
- Educación para a convivencia: promover o respecto mutuo, a igualdade no trato e a liberdade de pensamento. Tamén se favorecerá o traballo en



equipo e a solidariedade entre o alumnado.

- Educación para a saúde laboral: estimular a hixiene, hixiene postural, seguridade na aula e hábitos de vida saudable, considerando á saúde coma un valor fundamental. A saúde laboral é esencial para a prevención de riscos laborais e será traballada de xeito transversal xunto co módulo profesional de Formación e Orientación Laboral (FOL).

- Educación ambiental: promover o coidado do medio ambiente, fomentar a reciclaxe e o tratamento correcto dos residuos xerados na aula e laboratorios. 1.-Educación ambiental: xa que é fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e fomentar o correcto emprego dos medios dos que se dispón.

-

-Dende este módulo contamos con elementos para concienciar ao alumnado:

-Usando unha linguaxe non discriminatoria e inclusiva.

-Facendo grupos mixtos de traballo.

-Distribuindo as tarefas, roles, na mesma medida entre todo o grupo por igual.

-Fomentando a participación de cada persoa sen distincións de sexo. Igualdade de trato.

O profesor/a traballará amosando actitudes contrarias á violencia, aos estereotipos de xénero, lingüísticos, relixiosos, físicos, de clase social, e aos prexuízos, utilizando o diálogo como medio de traballo nos grupos e na clase.

Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de traballo traballarase a través de diferentes actividades e transversalmente.

Ademáis, recoñecendo e valorando a diversidade como feito enriquecedor, aproveitaremos a realidade plural que pode existir na clase cando compartamos espazos, tempos, actividades, materiais e experiencias.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias de formación que encaixen co currículo do módulo valoraranse nas xuntanzas do equipo docente de ciclo. Poderán levarse a cabo actividades extraescolares relacionadas co ciclo que teñan lugar durante o curso académico, tales como: charlas, cursos, congresos, etc.

Estas actividades, que se pretenden levar a cabo ó longo do curso, por un lado serven de enlace co entorno laboral e profesional futuro do alumnado e, por outro, son un complemento das actividades puramente lectivas reforzando os contidos impartidos no centro de ensino.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Información ao alumnado

Ó comezar o curso o profesorado explicará na aula ó alumnado os contidos principais da programación didáctica do módulo. Dita programación terá inicialmente carácter provisional, e poderá sufrir modificacións ata o seu peche e aprobación, para acadar a consideración de programación definitiva do módulo. A programación definitiva estará a disposición do alumnado na aula virtual do CIFP Manuel Antonio, como documento de referencia e/ou consulta ao longo de todo o curso.

### 10.2) Teledocencia

A presente programación contempla como escenario posible unha eventual crise sanitaria (como a causada pola COVID-19), na que tanto a docencia como a avaliación presenciais no centro educativo puidesen quedar limitadas ou, chegados ao extremo e seguindo as directrices oportunas das autoridades sanitarias, canceladas. Chegado o caso dun eventual confinamento que impida a presencialidade do alumnado, tanto a actividade docente como a avaliación continuarían de forma telemática, empregando os medios e as ferramentas dixitais oportunas. Os criterios de avaliación anteriormente detallados, serán igualmente válidos de producirse as devanditas circunstancias de confinamento.

De ser o caso de que a educación a distancia non permitira aplicar os instrumentos de avaliación establecidos inicialmente nesta programación, tamén se poderán facer modificacións nos instrumentos de avaliación dos diferentes CA que compoñen cada UD. Estas posibles modificacións poderían incluír a realización de probas orais ou escritas telemáticas, a través de aplicacións que permitan elaborar formularios sobre os contidos do módulo, establecendo límite de tempo e coa posibilidade de visualizar simultaneamente ao alumnado empregando os programas informáticos e as ferramentas dixitais oportunas (p.ex., ferramentas de videoconferencia, etc.).

### 10.3) Bibliografía recomendada

- AGUILAR AGULLÓ, MARÍA JOSÉ; EUSTAQUIO RAGA MARÍA VICENTA; IBAÑEZ CABANELL, PILAR; PUIG SILLA, MIRIAM. Exploración de la cavidad oral. Editorial SÍNTESIS (2017) ISBN: 97884090774926
- CARDELÚS MUÑOZ-SECA, REGINA; GARCÍA PICAZO, AGUSTÍN; HEREDIA PEREIRA, MANUELA; ROMO SÁNCHEZ, CONCEPCIÓN. Técnicas de ayuda odontológica y estomatológica. Editorial MCMILLAN (2019) ISBN: 9788417218713
- CREGO PEREIRA, DAVID; FERNÁNDEZ BRAVO, SOFÍA ELVIRA. Exploración de la cavidad oral. Editorial MCGRAW HILL (2021) ISBN: 97884486270003